

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/32	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	29 de agosto de 2025
Duración	Dende as 13:05 ata as 13:45 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 26.08.2025

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 26 de agosto de 2025.

Expediente 1251/2025. Contratacións. MELLORA DO PARQUE INFANTIL DE LARO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o expediente da subvención 1484/2025 concedida a Concello para a actuación **MELLORA DO PARQUE INFANTIL DE LARO** ao abeiro das BASES REGULADORAS DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA 2025) cun orzamento de 46.867,91 €, ive incluído.

Vistas as invitacións cursadas a fin de solicitar orzamento (para o desenvolvemento daquelas actuacións) a empresas debidamente capacitadas, a saber:

- SAIDRES DE TRASDEZA SL
- ELÍAS TABOADA SLU
- CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO SL
- CONSTRUCCIONES REY ROZADOS SL
- OBRAS E PROXECTOS NAERA SL
- CELNO NOVO PÉREZ

Vistas as ofertas presentadas:

- CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO SL: 43.294,67 € (ive incluído)

Visto o informe favorable de Intervención (expediente de modificación de créditos 30/25), no que consta a suma dos 46.867,91 euros relativos ao orzamento do proxecto, e 3.085,50 € destinados a honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, en total 49.953,41 €.

De acordo co artigo 118 da LCSP se consideran contratos menores os contratos de obras por importe inferior a 40.000 euros e os de servizos e subministros por importe inferior a 15.000 euros. Estes contratos poderán adjudicarse directamente a calquera adjudicatario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria.

Pode tamén afirmarse, de conformidade co artigo 118 da LCSP:

- Que non existen prestacións adjudicadas ou pendentes relacionadas co obxecto deste contrato que conxuntamente con este afecten ao procedemento de contratación.
- Que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais da contratación.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Adxudicar por contrato menor da obra **MELLORA DO PARQUE INFANTIL DE LARO** á CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO SL , con domicilio en Xestoso-Silleda e CIF B36236685, email: victor_xestoso@hotmail.com, por importe de 35.780,72 € mais iva (7.513,95 €) = 43.294,67 € € (IVE INCLUÍDO)

O prazo de execución será de tres meses dende o inicio da obra, tendo en conta o prazo existente para a xustificación da subvención.

Segundo: Rematada a obra, presentarase a factura e certificación finais correspondentes no Rexistro Municipal e procederase ao seu pago previa fiscalización pola Intervención do Concello, quedando vinculado ao Concello durante o prazo de garantía ata a súa liquidación final.

Terceiro.- O adxudicatario deberá recoller nas oficinas municipais toda a documentación relacionada co expediente, sendo imprescindible para a correcta execución dos traballos.

Cuarto.- Aprobar e dispoñelo gasto correspondente á prestación do servizo con cargo ao recollido no informe de Intervención.

Quinto.- Aos efectos da presentación da factura electrónica de conformidade coa Lei 25/2013 de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público comunicamos o seguinte:

O Concello de Silleda co CIF P-3605200-I está adherido ao FACe cos seguintes códigos:

- L01360524 INTERVENCIÓN (Oficina Contable)
- L01360524 ALCALDÍA (Órgano Xestor)
- L01360524 CENTROS XESTORES (Unidade Tramitadora)

Sexto.- Notificar a presente acordo ao adxudicatario.

Séptimo.- Publicar a adxudicación deste contrato no perfil do contratante do Concello de Silleda.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE